

# Onte 1673: Primeira Gala do Libro



Saímos felices da [primeira Gala do Libro](#) celebrada no serán de onte en Compostela. A [iniciativa](#), compartida pola [AGE](#), [AELG](#) e a [Federación de Librarías de Galicia](#), coa intención de recoñecer a excelencia dos traballos realizados cada ano no sector da lectura e da creación literaria, abre unha nova etapa para o futuro deste sector estratégico da cultura galega. No marco das incertezas que supón o actual proceso de hibridación da comunicación literaria e a ausencia en Galicia de políticas públicas de lectura, o discurso de [Cesáreo Sánchez Iglesias](#), en representación das tres asociacións convocantes, expresou un estado de ánimo esperanzoso e proactivo, propio de quen non acepta resignado as actuais políticas conformistas.

A homenaxe ao sabio catálán [Pere Gimferrer](#), como escritor galego universal; o recoñecemento das traxectorias de [Laiowento](#) e da [Libraría Pedreira](#); os premios a [Sermos Galiza](#), [Espazo Lectura](#) e a [Póética](#), a iniciativa de creación hipertextual de Fran Alonso foron do meu maior agrado. Como tampouco pudo queixarme dos premios que corresponderon a Xerais en [Narrativa](#), [Poesía](#), [Teatro](#) á [Mellor iniciativa bibliográfica](#) que achegan azos e doses de autoestima ao traballo do noso cadro.